

## DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO PARLAMENTO DE GALICIA A FAVOR DA INCLUSIÓN SOCIAL

As políticas de inclusión social teñen por obxecto posibilitar a participación efectiva de tódolos cidadáns na comunidade na que viven.

A exclusión social non é tan só consecuencia da insuficiencia de recursos económicos senón tamén froito dunha acumulación de limitacións ou déficits no eido educativo, sanitario, de vivenda, emprego, educación e de participación social, que impiden que as persoas ou grupos que os padecen accedan a bens ou dereitos considerados básicos.

O fenómeno da exclusión atinxe a sectores da poboación como é o das persoas de **etnia xitana e outros colectivos** que tradicionalmente veñen sendo rexeitados e apartados dos circuitos normalizados da vida da comunidade.

O colectivo xitano segue a ser un dos máis vulnerables e que sofren maior exclusión social. En Galicia hai unha importante comunidade xitana, da que unha elevada porcentaxe vive en situacións de precariedade no ámbito residencial e arredor dun 30% son chabolistas.

A pesar dos esforzos feitos polas diversas administracións, a persistencia do problema da vivenda e da integración social segue a constituír unha das principais trabas cara a inclusión social da poboación xitana e fai que sexa necesario que se siga traballando e tomando as medidas oportunas que aseguren o dereito constitucional universal a gozar dunha vivenda digna.

Por isto desde o Parlamento de Galicia instamos a abordar desde as políticas públicas o desenvolvemento dunha práctica institucional responsable que desde unha visión integral aporte un enfoque multidisciplinar e multifactorial que atenda a todas as dimensións e temáticas implicadas.

Instamos a potenciar accións e prácticas inclusivas coordinadas entre todos os axentes sociais que traballan no campo da inclusión social así como a incorporar procesos e instrumentos de participación que promovan unha forte implicación cidadán.

O reto ao que nos enfrontamos é o de asegurar a redución das desigualdades sociais e a prevención da aparición de situacións de exclusión. Por iso o noso obxectivo segue a ser o de alcanzar unha sociedade galega máis inclusiva e cohesionada traballando desde tódolos ámbitos cunha óptica de prevención, innovación e participación.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 08.